



## RESOLUCIÓN ALCALDÍA

### Asunto: AMPLIACIÓN DE ATRIBUCIÓNS DELEGADAS Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Expediente nº 2019/G003/000949

Logo de ver a constitución da nova Corporación, en sesión especial que tivo lugar o 15 de xuño de 2019, como consecuencia das eleccións municipais celebradas o 26 de maio, así como a Resolución 2019/G003/000512 desta Alcaldía, na que se procede ao nomeamento dos membros da Xunta de Goberno Local e se delegan pola Alcaldía atribucións,

Tendo en conta, que o citado órgano ten como función propia e indelegable a asistencia permanente ao Alcalde no exercicio das súas funcións, así como aquelas outras que lle deleguen o Pleno ou o Alcalde ou lle atribúan as leis.

Tendo en conta as facultades que a esta Alcaldía lle confiren o artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación co disposto nos artigos 43.2, 52 e 53 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, con esta data Pola presente RESOLVO:

**Primeiro.-** Ampliar as atribucións delegadas á Xunta de Goberno local na Resolución 2019/G003/000512, asumindo tamén as seguintes:

- 1.- O outorgamento das licenzas ou autorizacións, agás que as leis sectoriais o atribúan expresamente ao Pleno.
  - 2.- As altas e baixas no padrón do Servizo de axuda no fogar.
  - 3.- Iniciación e resolución dos expedientes de disciplina urbanística, sancionadores e de reposición da legalidade urbanística.
  - 4.- Iniciación e resolución dos expedientes de responsabilidade patrimonial.
- Sen perxucio do anterior, a Alcaldía resérvase a avocación daqueles asunto que polas súas características particulares ou pola súa urxencia tiveran que resolverse con prontitude e celeridade.

**Segundo.-** O réxime xurídico da presente delegación será o previsto con carácter xeral nos artigos 114 a 118 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento, e Réxime Xurídico das Entidades Locais, correspondendo así ao órgano delegante (a Alcaldía) a resolución dos recursos de reposición que se interpoñan contra os actos ditados pola Xunta de Goberno Local en exercicio das atribucións conferidas por delegación.



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

**Terceiro.-** Proceder a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello e dar conta desta Resolución ao Pleno do Concello na primeira sesión que se celebre.

Mándoo e asínoo en Laxe.

O alcalde,

José Luis Pérez Añón  
García

A secretaria-interventora,

Begoña Carrasco